

MODIFICACIÓN DO DECRETO DE URXENCIAS EXTRAHOSPITALARIAS

Na Mesa Sectorial de hoxe 27 de marzo tratouse o **Anteproxecto de modificación do Decreto 172/1995 do Plan de Urxencias Extrahospitalarias**.

CCOO solicitou ó SERGAS retirar o punto da orde do día porque **non existiu unha negociación**.

CCOO solicitou que os sábados sexan ofertados á voluntariedade no caso de non haber dispoñibles nas listas de contratación.

CCOO solicita por riba de todo que se **respecten as 1340 horas de xornada ordinaria anual** para todo o persoal.

O SERGAS presentou un documento cunha serie de melloras retributivas e de aumento de persoal estrutural.

Os sábados de mañán do persoal sanitario ofertaranse á voluntariedade, retribuíndose durante os meses de abril e maio co programa especial de sábados, e a partir de ahí, coa cantidade establecida na orde de confección de nóminas. Remítiranlles estas instrucións ás Xerencias.

A administración informa que vai seguir coa tramitación da modificación do Decreto durante o mes de abril.

Para máis información, acode á túa sección sindical de CCOO

27 de marzo do 2026